

## Mary Lucy Cartwright

(Aynho, Inglaterra, 1900-Cambridge, 1998)



Sempre se sentiu atraída pola Historia, pero a dificultade para memorizar longas listaxes de datos, necesarias nos estudos de historia nesa época, levouna á Universidade St. Hugh (Oxford), en 1919, a estudar Matemáticas. Graduouse en 1923.

O seu «Teorema de Cartwright» trata sobre máximos de funcións. Os métodos que utilizou para probalo serviron para facer avanzar moito as súas investigacións sobre funcións que dan lugar a fractais. Pódese dicir que co seu teorema e os seus estudos con Littlewood empeza a teoría do caos.

As súas investigacións foron fundamentais no desenvolvemento da radio, o radar e os sistemas dinámicos.

En 1947 é a primeira muller nomeada membro da Royal Society de Londres. Tamén foi a primeira directora da Sociedade Matemática de Londres.

En 1963 é a primeira muller en obter a *Medalla Sylvester* (concédese, dende 1901, cada tres anos como premio ao mérito matemático).

En 1968 recibe a *Medalla Morgan* e en 1969 a máxima distinción británica: a raiña noméaa *Comandante do Imperio británico*.